

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN
“Grupo de Desenvolvemento Rural
ULLA, TAMBRE, MANDEO”.

TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Artigo 1. Denominación

Coa denominación “Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla, Tambre, Mandeo”, constitúese por tempo indefinido, unha Asociación sen ánimo de lucro ó amparo da Lei Orgánica 1/2002.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre as persoas ou entidades asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

Artigo 2. Réxime legal

A asociación rexerase polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 949/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 3. Domicilio

O domicilio social da Asociación establécese no baixo da Casa Consistorial de Boimorto, situada na Rúa Vilanova 1, 15817 Boimorto, provincia de A Coruña.

A Asemblea Xeral da Asociación, a proposta da Xunta Directiva, poderá acordar o traslado do domicilio social dentro do ámbito social de actuación definido, e crear sedes en outras localidades, cando así o considere necesario.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación terá como ámbito de actuación xeral a Provincia da Coruña.

E como ámbito específico aqueles concellos que se atopen dentro dun mesmo programa, plan ou acción no que esta Asociación participe por si mesma ou en colaboración con entidades públicas, en particular:

- Os concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar, na provincia de A

Coruña, para a xestión da Medida Leader do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia.

- Aqueles concellos dos relacionados a continuación, que teñan asinado un convenio de colaboración co GDR para a xestión do Xeodestino: Ames, A Baña, Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cerceda, Curtis, Frades, Melide, Mesía, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, Padrón, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Touro, Tordoia, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vilasantar para a xestión do Xeodestino.

Sen prexuízo de que estes ámbitos territoriais específicos poidan modificarse, por necesidades operativas dos seus programas e actividades, mediante acordo da xunta directiva, sempre que se respecte o ámbito de actuación da asociación: a provincia de A Coruña.

TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5. Fins e actividades

A Asociación, terá de acordo coas leis, personalidade xurídica propia e independente das persoas e entidades asociadas, e gozará de capacidade de obrar plena.

A Asociación terá como obxectivos:

- Desenvolver a metodoloxía Leader do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia como entidade colaboradora.
- Fomentar o turismo como sector de actividade sostible nas áreas rurais como medio para aproveitar os recursos dos territorios locais, levando a cabo, entre outras actuacións, a xestión do Xeodestino do seu ámbito territorial.

A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención á poboación nova, ás mulleres, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar ás administracións locais, autonómica e estatal, así como ás institucións comunitarias europeas,

Estatutos do Grupo de Desenvolvemento Rural
Ulla, Tambre, Mandeo

canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.

- c) Ser centro receptor e transmisor da información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endóxico, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre as persoas e entidades asociadas e outras persoas e entidades interesadas o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- h) Artellar unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- i) A conservación, a recuperación, promoción e difusión do Camiño de Santiago e outros itinerarios culturais.

Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como a fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou

creación de produtos ou servizos e proxectos piloto relacionado cos obxectivos da asociación.

- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidade análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- j) Promover directamente actuación e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
- k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.

TÍTULO IV. MEMBROS ASOCIADOS

Artigo 6. Composición

1.- A asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla, Tambre, Mandeo” estará integrada por un conxunto de interlocutores, públicos e privados, con arraigo no territorio de actuación da asociación, de xeito equilibrado e representativo, tanto desde o punto de vista sectorial como territorial, entre eles, a maioría das entidades públicas locais do ámbito de actuación Leader.

Non poderán formar parte da Asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais.

Rexerá o principio de portas abertas, sempre de acordo cos fins da Asociación, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de membros.

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por

outros representantes da sociedade civil, deberá representar, como mínimo, o 51% dos votos en todos os órganos de decisión. Ningún colectivo (mulleres, persoas novas, colectivos agrícolas, asociacións ambientais, culturais, veciñais...) poderá representar, por si solo, máis do 49% dos votos en ningún dos órganos de decisión da Asociación.

Artigo 7. Adquisición da condición de membro asociado

1.- Son ou poden ser membros da Asociación todas aquelas entidades e institucións, interesadas en contribuír á realización e desenvolvemento dos seus fins e obxectivos.

2.- Para que unha entidade teña a condición de asociada deberá ser fundadora da mesma, ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido á Presidencia no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociada e a persoa que a representará na asociación e acreditar, como mínimo, un ano de actividade relevante no territorio.

3.- Cando unha entidade candidata a ser asociada non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial, coa acreditación, como mínimo, dun ano de actividade.

4.- A Presidencia trasladará a solicitude á seguinte Xunta Directiva que se celebre, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses.

Contra o acordo denegatorio da admisión a entidade solicitante poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5.- Non adquiren a condición de entidade asociada, tanto as entidades fundadoras como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non satisfagan a cota de entrada establecida.

6.- A cota anual, de entrada ou calquera outra que se determine necesaria e a súa forma de pagamento, prazos e condicións, serán establecidas pola Asemblea Xeral.

Para o caso de que a Asemblea Xeral non teña establecidos os acordos relativos a este punto, inicialmente establécese unha cota anual de 30 euros por entidade asociada.

Artigo 8. Perda da condición de membro asociado

A baixa da asociación por calquera motivo non exime á entidade asociada de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de membro asociado:

- a) Por decisión voluntaria da entidade, comunicada por escrito á presidencia.
- b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia da persoa interesada, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de membro asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica.

Artigo 9. Dereitos dos membros asociados

Os membros asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear. Tódolos membros asociados son elixibles para calquera dos cargos dos órganos decisorios, cuxa elección se fará a través de canles democráticas.
- b) Formular por escrito cantas suxestións estimen pertinentes en asuntos que afectan á Asociación, as cales serán estudadas pola Xunta Directiva, dando traslado da resolución.
- c) Participar con voz e con voto na Asemblea Xeral.
- d) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da asociación que lle poida resultar de interese.
- e) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- f) Participar nas actividades da asociación.

Para poder participar na Asemblea Xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

Artigo 10. Obrigas dos membros asociados

Son obrigas dos membros asociados:

Estatutos do Grupo de Desenvolvemento Rural
Ulla, Tambre, Mandeo

- 
- a) Satisfacer a cota de entrada e a de mantemento que no seu caso estableza a Asemblea Xeral.
 - b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
 - c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
 - d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, os órganos colexiados dos que formen parte ou outros órganos que se creen.
 - e) Pronunciarse en cada debate ou votación no que así se esixa, sobre a existencia ou non de interese directo no asunto, deixar acreditación escrita sobre o mesmo e ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que si teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
 - f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
 - g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Órganos da asociación

A Asociación estará rexida por:

- A Asemblea Xeral
- A Xunta Directiva

Os órganos unipersoais son como mínimo a Presidencia, a Vicepresidencia Primeira, a Vicepresidencia Segunda, a Secretaría e a Tesourería. As persoas titulares destes órganos serán elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros.

Artigo 12. Asemblea Xeral: composición e funcións

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os membros asociados, que poderán participar nas súas reunións e exercer aqueles dereitos que lles son inherentes de acordo co especificado nos presentes Estatutos.

2.- A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
- e) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado deles.
- f) Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola xunta directiva ou polos membros asociados como rogo ou preguntas.
- g) Constitución de federacións ou integración nelas.
- h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a asemblea establecer unha actualización anual.
- i) Aprobación do regulamento de réxime interior.
- j) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- k) Disolución da asociación.
- l) Disposición ou alleamento de bens.

Artigo 13. Asemblea Xeral: convocatorias

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizaraa a presidencia con quince días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

2.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario tras a convocatoria da xunta directiva, acordada por propia iniciativa desta ou cando o solicite un número de entidades asociadas non inferior a un cuarto do total. A petición das entidades asociadas realizarase mediante escrito dirixido á presidencia, autorizado coa sinatura dos membros peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

3.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou

representados, a metade máis un dos membros asociados, e en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de persoas concorrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos de ningún dos colectivos representen máis do 49% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará a secretaría co visto e prace da presidencia.

Artigo 14. Asemblea Xeral: adopción de acordos

1.- Cada membro terá dereito a un voto.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos membros presentes ou representados. Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos membros presentes ou representantes para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12.

3.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os membros asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas pola secretaría co visto e prace da presidencia.



4.- Deixarase constancia, por escrito, da comunicación expresa da existencia, ou non, de interese directo por parte das persoas asistentes no asunto acordado, así como das persoas que se ausentan do debate e a votación por ter un interese directo no asunto, especificando a natureza de dito interese: de titularidade, económico, político ou societario, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta. De haber dúbidas sobre se existe interese ou non, o asunto será recollido nun escrito e enviado a Agader para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

Artigo 15. Órganos colexiados

A Asemblea Xeral organizarase en colexios, para a elección dos seus representantes na Xunta Directiva.

Para a elección da Xunta Directiva, organizaranse os seguintes colexios:

- Colexio Institucional, integrado por todas as institucións públicas que pertencen á Asociación

- Colexio de mulleres
- Colexio de mocidade
- Colexio de acción social
- Colexio de protección do medio ambiente.
- Colexio do sector agrario que inclúe ó sector agrícola, gandeiro e forestal
- Colexio cultural, educativo e etnográfico
- Colexio empresarial, comercial e profesional
- Colexio veciñal
- Colexio deportivo

Os candidatos elixidos nos diferentes colexios, serán ratificados en Asemblea Xeral.

Artigo 16. Xunta Directiva: composición

1.- A Xunta Directiva da Asociación estará formada polos representantes dos membros asociados elixidos pola asemblea xeral, en función da pertenza destes aos diferentes órganos colexiados, de acordo coa representatividade outorgada nos presentes Estatutos. A Asemblea Xeral será o órgano decisorio que estableza, dentro dos requisitos e limitacións recollidos nestes estatutos, a exacta composición da xunta directiva.

A Xunta Directiva constará de 21 membros.

En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar representadas, sempre e cando estean asociadas e a así o soliciten, as entidades de mulleres, mocidade, acción social, protección do medio ambiente, sector agrario, empresarios/as, comerciantes e profesionais, sector cultural, educativo e etnográfico e sector público.

O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público, e ningún colexio pode ostentar máis do 49% dos votos.

Na Xunta Directiva ostentaránse as representacións seguintes:

- Ata nove representantes do colexio Institucional.
- Ata dous representantes do colexio mulleres.
- Ata dous representantes do colexio de mocidade.
- Ata dous representantes do colexio de entidades de acción social.
- Ata dous representantes do colexio de protección do medio ambiente.
- Ata cinco representantes do colexio do sector agrario.

- Ata dous representantes do colexio cultural, educativo e etnográfico
- Ata catro representantes do colexio empresarial, comercial e profesional
- Ata dous representantes do colexio veciñal.
- Ata dous representantes do colexio deportivo.

2.- O mandato da Xunta Directiva será por cinco anos, contado a partir da toma de posesión. A Xunta Directiva renovarase por completo cada cinco anos, sendo reelixibles os membros saíntes.

No caso de vacante por renuncia ou dimisión, a Xunta Directiva pode completarse por si mesma, nomeando substituto con carácter provisional, segundo o colexio ao que pertenza a vacante, que na seguinte Asemblea Xeral deberá ser confirmado nas súas funcións para poder continuar.

Artigo 17. Xunta Directiva: Funcionamento.

1.- As funcións dos membros da Xunta Directiva son gratuítas, se ben poderá acordarse de que sexan reembolsables determinados feitos no exercicio das mesmas.

2.- Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da asemblea xeral.

O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día a persoa sucesora e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

3.- Para os membros da Xunta Directiva, tres faltas de asistencia consecutivas e non xustificadas ás reunións da mesma, poderán ser causa do seu cesamento, por decisión acordada en Xunta Directiva.

4.- Terán dereito de asistencia e voz nas reunións da Xunta Directiva aqueles membros da asociación, persoas e institucións, que pola súa aportación ó contido da orde do día da reunión, sexan expresamente invitados a participar pola propia Xunta Directiva.

Ademais, nas reunións da xunta directiva poderá participar, con voz pero sen voto, unha persoa técnica en desenvolvemento rural designada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Artigo 18. Xunta Directiva: funcións.

1.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

A reserva das facultades específicas da Asemblea Xeral, a Xunta Directiva dispón dos máis amplos poderes para actuar en nome da Asociación e realizar calquera operacións relativa ao cumprimento dos seus fins.

2.- A Xunta Directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da asemblea xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- c) Propoñer, seleccionar ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na asemblea xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os membros asociados.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interior.
- i) A admisión e separación de membros asociados.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.

Artigo 19. Xunta Directiva: convocatoria e adopción de acordos

1.- A Xunta Directiva reunirse cantas veces o determine a presidencia, ou a instancia motivada de calquera dos seus membros mediante convocatoria na que se indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a metade máis un dos membros ou, en segunda convocatoria, pasados 10 minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes. En tódolos casos, ningún dos colexios poderá representar máis do 49% dos votos totais.

Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva que presten asesoramento de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán ser substituídos por outros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente, tendo en conta a legalidade vixente en materia de suplencia e representación.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

6.- Deixarase constancia, por escrito, da comunicación expresa da existencia, ou non, de interese directo por parte das persoas asistentes no asunto acordado, así como das persoas que se ausentan do debate e a votación por ter un interese directo no asunto, especificando a natureza de dito interese: de titularidade, económico, político ou societario, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta. De haber dúbidas sobre se existe interese ou non, o asunto será recollido nun escrito e enviado a Agader para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

Artigo 20. Presidencia

A presidencia, elixida pola Xunta Directiva de entre os seus membros, ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo como fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- 
- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da asemblea xeral, da xunta directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
 - b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co tesoureiro, e as persoas que designe a Xunta Directiva mediante acordo expreso.
 - c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados pola secretaría, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
 - d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da xunta directiva ou da asemblea xeral.

- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiras persoas, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

Artigo 21. Vicepresidencia


A Vicepresidencia Primeira, elixido pola Xunta Directiva de entre os seus membros, en ausencia da Presidencia exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a esta.

A Vicepresidencia Segunda, elixida pola Xunta Directiva de entre os seus membros, en ausencia das dúas anteriores, exercerá todas as funcións encomendadas a estas, así como aquelas funcións en substitución da Presidencia que especificamente se lle indiquen.

Artigo 22. Secretaría

A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros a secretaría. A secretaría correspóndelle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace da presidencia.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión da presidencia.
- g) Redactar a memoria anual da asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.



Artigo 23. Tesourería

A Xunta Directiva, elixirá de entre os seus membros, un Tesoureiro. A tesourería correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados pola presidencia.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

Artigo 24. Mesas Sectoriais

1.- A Asociación para o exercicio das súas funcións organizará mesas sectoriais ou territoriais de traballo nas que participarán os membros asociados, así como as persoas interesadas no desenvolvemento de actuacións no territorio de competencia da Asociación.

2.- As Mesas Sectoriais e territoriais non teñen que coincidir cos colexios da Asemblea Xeral, e terán como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio, como de canle informativa das actividades da asociación.

3.- Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ou territorio ó que representen, as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas, actividades, e propostas á Asemblea Xeral, que o sector poida concibir.

TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 25. Réxime económico e patrimonial

1.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos membros asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas que puidesen recibir de forma legal por parte de membros asociados ou terceiras persoas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio asociativo e económico será anual e pecharase o 31 de decembro de cada ano.

TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26. Disolución

1.- A asociación poderá disolverse:

- a) Por acordo da Asemblea Xeral, cando así se acorde en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto,
- b) por sentenza xudicial,
- c) por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais,
- d) por ter realizado o fin para o que se constituíu,
- e) polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na asemblea xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da xunta directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a fins similares ou análogos aos desta asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

DILIXENCIA: Dona Matilde Pallares Cagide, actuando como secretaria da Asociación GDR Ulla Tambre Mandeo, procedeu á modificación dos estatutos da mesma e á redacción dos presentes artigos deste documento en virtude do acordo adoptado pola Asemblea Xeral na súa Reunión Ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2022.

En O Pino, a 30 de xuño de 2022

A Secretaria,
D. Matilde Pallares Cagide

Vº Pr. O Presidente
Manuel Taboada Vigo

Asdo.

Asdo.

Estatutos do Grupo de Desenvolvemento Rural
Ulla, Tambre, Mandeo

